

SÉTIMA ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE AUGAS DE GALICIA E O CONCELLO DE FERROL PARA A FORMALIZACIÓN DA ENCOMENDA DE XESTIÓN DA EXPLOTACIÓN, MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DO SISTEMA DE SANEAMENTO E DEPURACIÓN DO CONCELLO DE FERROL

Dunha parte, Ángeles Vázquez Mejuto, conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, nomeada polo Decreto 44/2024, de 14 de abril, en nome e representación da entidade pública empresarial Augas de Galicia, na súa condición de Presidenta de Augas de Galicia, no exercicio das funcións atribuídas polos artigos 13 da Lei 9/2010 e 6 do estatuto da entidade pública empresarial Augas de Galicia, aprobado polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, en relación co artigo 2.b.1 do Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.

Doutra parte, José Manuel Rey Varela, alcalde do Concello de Ferrol, no exercicio das atribucións conferidas no artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local.

EXPOÑEN

1. O 1.8.2017 asinouse un convenio de colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Ferrol para a formalización da encomenda de xestión da explotación, mantemento e conservación do sistema de saneamento e depuración do Concello de Ferrol.
2. O 30.7.2021 formalizouse unha addenda ao convenio para ampliar o prazo de vixencia do convenio ata o 31 de decembro de 2021 e modificar a cláusula quinta no senso de engadir unha nova obriga do Concello de Ferrol.



O 31.12.2021, o 30.3.2022, o 19.12.2022, o 4.12.2023 e o 20.12.2024 subscribíronse, respectivamente, a segunda, a terceira, a cuarta, a quinta e sexta addendas ao convenio para ampliar o seu prazo de vixencia. Coa subscrición da última addenda o prazo de vixencia remata o 31.12.2025.

3. Augas de Galicia realizou unha auditoría co obxecto de coñecer o estado das instalacións e valorar a súa situación e os condicionantes a ter en conta para a asunción do servizo.

Na actualidade estanse a analizar tanto por Augas de Galicia como por outras administracións e entidades, aspectos técnicos, como a asunción de instalacións que na actualidade son xestionadas pola sociedade estatal Aguas de las Cuencas de España, S.A; económicos, para recuperación dos custos da prestación dos servizos; ou xurídicos, para a formalización dos distintos compromisos de cada unha das partes.

Por estes motivos considérase necesario formalizar unha addenda para ampliar o prazo de vixencia do convenio formalizado o 01.08.2017.

Polo tanto, en vista de todo o manifestado anteriormente, as partes

ACORDAN

Subscribir esta addenda ao convenio de colaboración citado modificando a cláusula sétima, que queda redactada nos seguintes termos:

SÉTIMA. VIXENCIA DO CONVENIO

Este convenio estenderá a súa vixencia ata o 30 de abril de 2026 ou ata a asunción por parte de Augas de Galicia da xestión do sistema de saneamento e depuración do Concello de Ferrol, no caso de que se asuma antes do 30 de abril de 2026.



A sinatura desta addenda suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten na addenda, e mailo resto de especificacións contidas nesta, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

E para que así conste, en proba de conformidade coas cláusulas desta addenda ao convenio, as partes asinan electronicamente este documento

